

ORTIGUEIRA

BOLETÍN MUNICIPAL

MAIO 2018

www.concellodeortigueira.com

O proxecto tamén inclúe a construción de dous aparcadoiros para autocares e motocicletas

Investimento de 1,2 millóns de euros para mellorar a seguridade e accesos en Loiba

O Concello de Ortigueira aprobou no último pleno ordinario a autorización á Deputación da Coruña para executar as obras de mellora da seguridade viaria e dos accesos á parroquia de Loiba. Os traballos contarán cun orzamento de 1.213.090 euros e consistirán en ampliar e mellorar a estrada DP-6104, que conecta con Picón, ampliando a vía e a rotonda existentes e construíndo outra glorieta de 16 metros de radio e catro carrís. Ademais tamén se crearán dous aparcadoiros e unha senda peonil anexa.

PÁXINA 02



O alcalde, Juan Penabad, convocou unha reunión informativa para explicarles aos veciños os detalles da intervención

Melloraranse estradas, servizos e equipamentos

O Concello desenvolve obras por 3,7 millóns de euros

O goberno local deseñou un plan de investimentos valorado en 3.747.888 euros co obxectivo de recuperar Ortigueira. Algunhas destas obras de pavimentación, saneamento e mellora dos equipamentos xa se fixeron, outras están en marcha e moitas levaranse a cabo nos próximos meses.

PÁXINAS 04-05

Desde o 2016 este ciclo tivo unha gran acollida

Festival no Teatro, posta en valor da música folk todo o ano

No ano 2016 o Concello de Ortigueira puxo en marcha o Festival No Teatro co obxectivo de poñer en valor a música folk e o espírito do Festival Celta ao longo de todo o ano. A este ciclo musical acoden grupos consagrados a nivel galego e internacional, que sempre colgan o cartel de “non hai entradas”.

PÁXINA 07

Os traballos consistirán na ampliación da vía, da rotonda e na construción de aparcadoiros

Ortigueira reforzará a seguridade viaria co proxecto de mellora dos accesos a Loiba

O plan para Loiba e Picón mellorará os accesos, incrementará as condicións de seguridade viaria no municipio e facilitará o paso de vehículos

O Concello de Ortigueira reforzará a seguridade viaria na parroquia de Loiba e facilitará ademais, a circulación de vehículos na estrada DP-6104 que conecta con Picón. Estes obxectivos conseguiranse a través do proxecto de ampliación e mellora que se acometerá nesta estrada, e que contará cun investimento de 1.213.090 euros asumido pola Deputación da Coruña.

Así mesmo, estas actuacións cumpriran un propósito adicional: xogarán

tamén un importante papel na promoción socioeconómica do municipio. E é que esta vía é a que dá acceso á zona norte do termo municipal, a área onde se atopan algunhas das paraxes naturais cun maior atractivo e que contan cun gran número de visitantes.

Estas actuacións levaranse a cabo na área que dá paso a algúns dos espazos naturais con máis visitantes

As actuacións nesta vía acometeranse ao longo de 2,4 quilómetros. En concreto, naqueles que enlazan San Xoán de Loiba cos núcleos de Loiba, A Peneda,

Maciñeira, Burreiros, Fontela e O Picón.

A semiglorieta situada no punto de partida ampliárase para canalizar os movementos de xiro axeitamente. Por outra parte, o trazado ensancharase para conseguir unha calzada de seis metros con 0,5 de beiravía. En paralelo, no quilómetro 2.400, á altura do Picón, habilitarase outra glorietta de 16 metros de radio e ata catro carrís que permitirá as viraxes dos autobuses que circulan en dirección aos acantilados de Loiba e á aldea de Fontela.

ESPAZO PARA APARCAR

O proxecto inclúe a construción de dous aparcadoiros: un primeiro reservado a autocares -con capacidade para catro destes vehículos-, e outro destinado a

motocicletas -10 prazas- e a turismos -35 ocos-. Ademais, desde este segundo estacionamento partirá unha senda peonil con 2,5 metros de ancho na zona de aparcadoiro e con dous no resto do percorrido. O alcalde de Ortigueira, Juan Penabad, destaca a importancia destas actuacións, que “garantirán o crecemento de Loiba, tan concorrida nos últimos anos”.

CESIÓN DE TERREOS

No último pleno ordinario aprobouse a autorización á Deputación para executar as obras de mellora dos accesos a Loiba nos vías de propiedade municipal. Asemade, acordouse ceder a titularidade do trazado desta estrada ao organismo provincial unha vez que se remate a dita intervención.

O alcalde, Juan Penabad, reuniuse cos residentes da zona para explicarlles os detalles deste plan

As medidas de protección para peóns e a creación de postos de traballo, preguntas dos veciños asistentes á xornada informativa

O alcalde de Ortigueira, Juan Penabad, convocou unha reunión informativa para explicarlles aos veciños e veciñas de Loiba os detalles da intervención de mellora na estrada que conduce ao Picón e aos cantís. Durante a xuntanza, á que acudiron preto dun centenar de persoas, o rexedor explicou a importancia desta actuación, que “vertebrará e poñerá en valor a parroquia de Loiba”, destacou. En liñas xerais, as preguntas dos asistentes xiraron arredor da seguridade para os peóns, da capacidade dos futuros aparcadoiros e da posibilidade de que este proxecto puidese contri-

buí a xerar máis postos de traballo. En relación a este último tema, Penabad comentou que actualmente o turismo xa ten unha importante repercusión nos negocios de hostalería e que despois virán outros, engadindo que “do que se trata agora é de que esta progresión se faga de maneira ordenada, atendendo á legalidade e respectando o patrimonio natural desta zona”, concluíu o rexedor. Os veciños, que xa teñen á súa disposición os planos do proxecto, poderán asistir a unha segunda reunión na que terán a posibilidade de trasladarlles preguntas aos técnicos da Deputación da Coruña.



Os veciños xa teñen á súa disposición os planos do proxecto

Culmínase o Plan Provincial de Medioambiente

O centro social de San Adrián estrea un novo parque infantil

O Concello investiu un total de 35.743 euros no Peago co obxectivo de crear un lugar de convivencia para os nenos e os maiores da parroquia

Con esta actuación culmínase o Plan Provincial de Medioambiente, financiado pola Deputación, que contou con investimentos dirixidos á creación de emprego coa creación das brigadas verdes, á concienciación de hábitos respectuosos coa contorna mediante o programa Ortegal Sostible e a obras como a recuperación da zona verde de San Adrián, da que os veciños da zona de Peago xa poden gozar

despois de que rematasen as obras de acondicionamento do espazo exterior.

Esta actuación incluíu a remodelación do parque infantil, a instalación de aparellos biosaudables e a renovación do mobiliario. A área infantil conta con xogos para nenos con idades comprendidas entre os 3

e os 14 anos. A zona para os nenos dispón ademais de pavimento continuo de caucho.

PARA NENOS E MAIORES

O Concello de Ortigueira investiu 35.743 euros nestas obras co fin de crear un espazo compartido para nenos e maiores.



A área, para nenos de entre 3 e 14 anos, conta con tobogán, randeeiras e bambáns

As operacións fixéronse atendendo ás solicitudes das entidades veciñais

Melloras nos centros comunitarios de seis parroquias por un importe total de 46.283 euros



No centro social de Céltigos pintouse a fachada da instalación

O Concello de Ortigueira deu por finalizado o proxecto de mellora de seis centros sociais dos Casás, La Devesana, Céltigos, San Juan de Espasante, Puente de Mera e Santa Marta de Ortigueira. Para acometer estes traballos, o goberno local desti-

nou un orzamento total de 46.283 euros, que serviu para atender as principais demandas das asociacións veciñais.

LUGAR DE ENCONTRO

Estes centros sociais funcionan, desde hai anos, como un lugar de encon-

tro entre os veciños das parroquias, que organizan nestes lugares reunións, festas e outro tipo de actividades.

Nos Casás mellorouse a distribución da instalación e colocouse unha nova cociña, no centro social La Devesana os traballos centráronse na corrección de descolchóns e no pintado da fachada. Nos Céltigos repúxose tamén a pintura no frontal do edificio, mentres que no de San Juan de Espasante e Puente de Mera levouse a cabo o mesado para a instalación dunha nova cociña, así como o pintado da fachada. Por último, en Santa Marta de Ortigueira pintouse o frontal do centro social.

RECICLAXE

O Concello cambia 160 contedores e 108 bases

O Concello de Ortigueira vén de investir 70.120 euros en substituír 160 contedores e en instalar bases nos de Loiba, Céltigos, Espasante, Ladrado, Barbos, Senra, Mera de Abaixo, San Adrián, San Claudio, Santa Marta e Luama. Este orzamento destinábase despois de detectar que o número de colectores é insuficiente, e que algunhas das unidades están deterioradas.

MERA DE ARRIBA

Comezan os traballos na praza de Ponte Noval

As obras de acondicionamento da praza de Ponte-noval xa están en marcha. O Concello investirá 37.207 euros en acometer as actuacións na praza, situada en Mera de Arriba. Esta contía servirá para cubrir a praza cunha estrutura de madeira e para implementar melloras no lavadoiro, cubrindo o espazo cun recubrimento de lousa.

ECONOMÍA

Luz verde ao pago por recoñecemento extraxudicial de facturas pendentes

Ortigueira deu luz verde ao recoñecemento extraxudicial de créditos por 204.594,65 euros. Esta proposta servirá para pagar as facturas pendentes a provedores. Juan Penabad amosou a súa satisfacción polo desbloqueo desta cuestión, que "permite dispoñer de fondos para pagarlles aos provedores, posibilitando que autónomos, empresas e traballadores cobren o labor feito".

O goberno local executa un ambicioso plan de obras para realizar unha serie de actuacións de pavim

Investimento de 3,7 millóns de euros p

1 · REXENERACIÓN DE PISTAS

LOIBA · CÉLTIGOS · ESPASANTE · LUÍA · COUZADOIRO · AS NEVES · SAN CLAUDIO · MERA DE BAIXO · O ERMO

LICITACIÓN: 104.894,56€

2 · AGLOMERADO DE VÍAS

LADRIDO · BARBOS · SENRA · MERA DE RIBA · SANTA MARTA

LICITACIÓN: 115.795,64€

3 · CONTRATACIÓN DE SERVICIOS VARIOS DA PISCINA CLIMATIZADA

ORTIGUEIRA

LICITACIÓN: 244.662,39€

4 · MELLORA DA PRAZA PÚBLICA EN PONTE NOVAL

MERA DE RIBA

LICITACIÓN: 37.207,03€

5 · MELLORA DE CENTROS SOCIAIS

OS CASÁS · DEVESANA · CÉLTIGOS · PUENTE DE MERA · ESPASANTE · SANTA MARTA

LICITACIÓN: 46.283,48€

6 · PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS

ÁREA RECREATIVA LADRIDO · CENTRO INTERPRETACIÓN O BALEO · CENTROS SOCIAIS SENRA, O ERMO E SANTA MARTA

LICITACIÓN: 64.714,84€

7 · ACONDICIONAMENTO DO PARQUE INFANTIL DO PEAGO

MERA

LICITACIÓN: 35.743,40€

8 · POSTA A PUNTO DA DEPURADORA

ESPASANTE

LICITACIÓN: 89.796,52€

9 · RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS NA PISTA DO BARRAL

ORTIGUEIRA

LICITACIÓN: 30.069,08€

10 · MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO POLÍGONO A REGA

CUÍÑA

LICITACIÓN: 53.420,22€

11 · MELLORA ZONA VERDE CENTRO SOCIAL SAN ADRIÁN

VEIGA

LICITACIÓN: 39.523,66€

Tamén se levará a cabo un proxecto de sinalización de recursos turísticos e lugares que saú a licitación por 30.092,67 euros

12 · MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

VEIGA · MERA DE BAIXO · SENRA · LADRIDO

LICITACIÓN: 128.574,60€

13 · EQUIPAMENTO DE CLIMATIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL

ORTIGUEIRA

LICITACIÓN: 160.830,70€

14 · MELLORA DE CAMIÑOS PORTAS E A REGA

DEVESOS

LICITACIÓN: 101.172,25€

15 · MELLORA DA ACCESIBILIDADE POLO PATIO NORTE Á RESIDENCIA DE ANCIÁNS "DOLORES DÍAZ DE DAVILA"

ORTIGUEIRA

LICITACIÓN: 51.316,22€

16 · MELLORA DOS ESPAZOS EXTERIORES NA RESIDENCIA DE ANCIÁNS "DOLORES DÍAZ DAVILA"

ORTIGUEIRA

LICITACIÓN: 84.159,42€

17 · ACONDICIONAMENTO DA RÚA PRÍNCIPE DA VILA DE SANTA

ORTIGUEIRA

LICITACIÓN: 117.673,47€

18 · MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTAS


LOIBA · CÉLTIGOS · ESPASANTE · CUÍÑA · O ERMO · AS NEVES · SAN CLAUDIO · SAN ADRIÁN

LICITACIÓN: 146.467,11€



entación, saneamento e mellora dos equipamento nas parroquias

para recuperar Ortigueira



21 · ACONDICIONAMENTO DO XIMNASIO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS NO CEIP "JOSÉ M^a LAGE"

ORTIGUEIRA
LICITACIÓN: 117.030,04€

22 · ARRANXO DE RÚAS, BEIRARRÚAS E ELEMENTOS DE SEGURIDADE VIARIA EN NÚCLEOS URBANOS

ORTIGUEIRA · ESPASANTE
LICITACIÓN: 125.000€

Agora, están a instalarse bases de contedores en moitas parroquias por valor de 70.120,11 euros

23 · CENTRO DE FORMACIÓN HOMOLOGADO

CUÍÑA
LICITACIÓN: 78.704€

24 · MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

FONTELA FERREIROS · O FABEIRO · TAIPA · O NAVALLO
LICITACIÓN: 141.629,76€

25 · AGLOMERADO EN QUENTE DE PISTAS

ESPASANTE · AS NEVES
LICITACIÓN: 74.389,90€

26 · SANEAMENTO

CUÍÑA
LICITACIÓN: 393.230,07€

27 · REXENERACIÓN DE PISTAS

CUÍÑA · DEVESOS · SAN CLAUDIO · SENRA · LUAMA · MERA DE RIBA
LICITACIÓN: 130.818,28€

28 · MELLORA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

ORTIGUEIRA
LICITACIÓN: 47.944,99€

29 · SANEAMENTO NO LUGAR DE PEAGO E SAN ADRIÁN

VEIGA
LICITACIÓN: 142.308,26€

30 · SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO BALEO

LADRIDO
LICITACIÓN: 324.089,38€

31 · PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍAS EXTERIORES NO CEIP "JOSÉ M^a LAGE"

ORTIGUEIRA
LICITACIÓN: 204.575,26€

32 · REPOSICIÓN DA CUBERTA DA BIBLIOTECA

ORTIGUEIRA
LICITACIÓN: 40.000€

33 · REFORMAS DAS OFICINAS MUNICIPAIS

ORTIGUEIRA
LICITACIÓN: 56.211,35€

19 · REXENERACIÓN DE PISTAS

SENRA · LUÍÁ · COUZADOIRO · DEVESOS · O ERMO · INSUA · SAN ADRIÁN
LICITACIÓN: 83.040,88€

20 · REXENERACIÓN DE PISTAS

CÉLTIGOS · MERA DE RIBA · SENRA · FREIRES
LICITACIÓN: 36.398,52€

ESPACIO RESERVADO PARA ENTIDADES ASOCIATIVAS DO MUNICIPIO

Aspromor celebrará a Festa dos Maíos o día 23 deste mes



Vestimenta rural da época



Imaxe de grupo de ASPROMOR durante a celebración do pasado ano

Como cada ano, os/as usuarios/as do Centro Ocupacional de ASPROMOR participarán no Encontro Interxeracional dos Maíos que se celebrará na Praza Isabel II de Ortigueira o día 23 de maio ao longo da mañá. Este evento, organizado pola Residencia de Anciáns Dolores Díaz Dávila, celebra o comezo da primavera e o final do cru inverno pro-

curando a exaltación da natureza mediante diferentes actividades como a lectura de coplas e a realización dunha alfombra floral. Nesta xuntanza tamén participarán os nenos e nenas de Patucos, Galiña Azul, o CEIP José María Lage e os rapaces dos IES De Ortigueira. Para esta edición os/as usuarios/as do Centro Ocupacional de ASPROMOR cantarán e in-

terpretarán a canción de "A sementeira" e "O carro" do emblemático grupo galego Fuxan os Ventos. Ademais, acompañarán as súas voces con pandeiretas, cunchas, lata de pemento e sacho, facendo honra a nosos antepasados labregos e ataviándose de vestimenta rural recordando outros tempos. Anímate e ven bailar connosco a ritmo de muiñeira!

Con respecto a febreiro do 2017, o índice de desemprego reduciuse un 14%

O paro cae un 5,5% en Ortigueira no último mes

O paro mantén a tendencia á baixa dos últimos meses. De feito, segundo os datos do último Observatorio de Emprego da Xunta de Galicia, que data do

mes de marzo, a taxa de desemprego caeu un 5,5% respecto ao mes pasado. Lonxe de ser un feito puntual, esta baixada experimentábase desde hai meses.

Tanto é así, que o índice de desemprego reduciuse nun 14% con respecto ao mes de febreiro do 2017.

MÁIS CONTRATOS

A esta situación contribúen os programas formativos organizados deseñados polo Instituto Ortegado de Promoción Económica (IOPE). De feito, o curso de Auxiliar de Cociña, no que tomaron parte un total de 15 persoas, facilitou a inserción laboral de sete dos participantes. Ademais das accións formativas que se programan ao longo do ano, o IOPE ten outros dous eixos de traballo: as axudas dirixidas a empresas e a promoción das posibilidades que ten Ortigueira e o seu territorio para moi diversos investimentos empresariais.

Obradoiros de cociña avanzada e prevención de riscos

A oferta de cursos formativos para os meses de maio e xuño inclúe o de Cociña Avanzada -como continuación do de Auxiliar de Cociña-, o de Prevención de Riscos e o de Carretillas Elevadoras. Estes programas, que contan cunha parte teórica e outra práctica, son totalmente gratuítos e están organizados polo IOPE.



Imaxe do curso de Auxiliar de Cociña

PARTICIPACIÓN

O Concello estrea un novo servizo de comunicación vía whatsapp



Segundo os sinxelos pasos que se mostran na imaxe, os veciños do Concello de Ortigueira xa poden facer uso do novo servizo de participación municipal vía whatsapp.

CENTENARIO

La Voz de Ortigueira, un libro que reflicte o papel dos medios locais



Penabed reseñou o labor do xornal

O Teatro da Beneficencia serviu para presentar o libro *O impacto da prensa local na configuración do tecido social e político, o caso de La Voz de Ortigueira*, para culminar os actos polo centenario do xornal. O alcalde de Ortigueira, Juan Penabed, enzalzou a iniciativa: "O libro merece ser conservado nas bibliotecas e nas casas dos orteganos", sinalou.

O inmoible do XIX acolle varios recitais nunha programación anual

O espírito celta mantense vivo grazas aos concertos no Teatro



O Teatro da Beneficiencia é unha das xoias do patrimonio ortegano e é sede do Festival no Teatro

O Festival no Teatro xurdiu hai dous anos e dálle a formacións de folk outro espazo máis adaptado a súa posta en escena

Co fin de alongar a presenza do espírito do Festival Celta ao longo do ano, o goberno local leva dous anos programando unha serie de concertos dentro do ciclo *Festival no Teatro*. Este proxecto tenta poñer en valor, por unha banda, un espazo arquitectónico que

data do século XIX, o Teatro da Beneficiencia, unha das xoias do patrimonio ortegano (cunha capacidade de 250 persoas). E, por outra, darlle o seu espazo ás formacións que, pola súa posta en escena, adaptáanse mellor a este escenario que ao escenario Estrela Galicia, núcleo do evento estival.

ÉXITO

Desde o 2016 este ciclo mantivo un éxito total de asistencia, colgando en todos os concertos o car-

tel de “non hai entradas”. Búscase tamén a variedade musical e o intento de que estean presentes diversas formacións de países de tradición celta.

Tras a boa acollida do pasado ano coa celebración dos concertos de Alaw (Gales), *Niam Ni Charra* (Irlanda), *Yves Lambert* (Canadá) e *Anxo Lorenzo* (Galicia), nesta tempada dáse un paso máis. Grupos consagrados galegos e internacionais optan por este espazo, moito máis “acolledor”.

FESTIVAL NO TEATRO 2017 · 2018

18 novembro 2017
BELLÓN MACEIRAS
Galicia

15 decembro 2017
MILLADOIRO
Galicia

27 xaneiro 2018
RACHEL HAIR DUO
Escocia

23 marzo 2018
TRIAD
Irlanda

13 abril 2018
LÚNASA
Irlanda

Xa está dispoñible para dispositivos *Android*

O IES Ortigueira diseña unha app gratuíta do Festival Folk

A profesora de tecnoloxía do IES de Ortigueira, Patricia Hermida, lanzou a idea de crear unha app e o seu alumno de 4º de ESO, Álvaro Orizales, recolleu a luva, coa colaboración doutros compañeiros.

Desde o pasado verán quen teña un dispositivo móbil co sistema operativo Android pode descargar na tenda virtual Play Store, de balde, a aplicación Festival de Ortigueira.

Nunha actividade extraescolar dedicada á ro-

bótica e á programación, Orizales creou unha aplicación co obxectivo de dar información básica para a xente que vén ao festival, sobre os concertos, onde acampar, locais para comer, farmacias ou o centro de saúde.

AUTODIDACTA

O alumnado asegura que consultaron tutoriais na Internet e vídeos que falaban da creación de aplicacións móbiles. O resultado foi excelente.

Un proceso participativo coas asociacións

A veciñanza, con voz na organización dos actos culturais

O goberno local, comprometido coa participación veciñal nas decisións que lle afectan á administración, quere darlle voz ás asociacións veciñais na organización de diferentes eventos culturais, como a Festa da Música, o Día das Letras Galegas ou o Día do Libro.

Neste senso, respecto á Festa da Música, no seu terceiro ano de vida, a idea é que todas as asociacións veciñais tomen decisións sobre este evento. Con-

vocáronse dúas reunións nun proceso participativo no que todas as entidades relacionadas coa música acorden decisións sobre a devandita festa.

Polo momento acordouse a data da primeira reunión, que será na segunda quincena de agosto, aínda que o obxectivo é que este proceso participativo vaia máis aló desta edición, e que as asociacións traballen xuntas de cara ao futuro para que esta festa sexa referente na bisbarra.

I GALA DO DEPORTE

Os Óscars do deporte outorgan oito premios e 20 mencións

Ortigueira viviu unha noite de Óscars coa I Gala do Deporte, coa diferenza de que os galardoados foron os deportistas. O xogador de pádel Hugo Gómez Yáñez fíxose co ouro como mellor deportista masculino, mentres que a amazona Marta Lamigueiro foi a mellor deportista feminina. Recoñeceu o ascenso a Primeira Rexional do FC Ortigueira, o Trail e Andaina Montes de Couzadoiro destacou como evento deportivo e a Ortegal Surf Escola como iniciativa privada. No tocante á traxectoria, o karateka Antonio Riveiros Carquijero, a Peña Ciclista Santa Marta e o Concurso de Saltos

Graxa do Souto recibiron premio.

Outorgáronse mencións especiais a Olegario Blanco Penedo, Jesús Cobelo Fojo e Vicente Yáñez Porta, Iván Sobrino Vidal e Sofía Pérez Camba, Marcos Álvarez López e Tamara Piñón Piñeiro, Manuel Trevín Rego, Adrián Guerreiro Martínez, Ezequiel Orosa Sando e Juan José Salgueiro Rego, Pablo Pérez González e Marta Forte Polo. Ortigueira Runners, O Sendeiro e Asociación Deportiva Dous Cabos, a Policía Local, o Grupo de Emerxencias, Construcións Vilasuso e Clínica Marem Fisioterapia recibiron galardóns.



Axenda Telefónica

SERVIZOS DE EMERXENCIA

Ambulancia 061
Emerxencias 112
Emerxencias Garda Civil 062
CONCELLO
Centraliña 981 400 000
Policía Local
696 446 863
696 446 864
GRUMIR 981 974 101
Servizos Sociais 981 402 542
Oficina Turismo 981 974 103
Biblioteca 981 400 101
Aula CEMIT 981 402 533
Piscina 981 422 026
Escola Música 981 402 432

ENSINO

IES Ortigueira 881 930 407
Colexio José María Lage
881 930 417
Escola Infantil Galiña azul
981 422 517
CENTROS DE SAÚDE
Ortigueira
981 401 052
981 401 076
Espasante 981 426 600
Mera 981 628 544
FARMACIAS
Farmacia Leal 981 401 026
Farmacia María Martínez Ares
981 408 384

Farmacia Mercedes Fraga

981 401 101
Farmacia Saborido 981 428 081
Farmacia Sandomingo
981 400 004
Farmacia Torres 981 400 040
TAXISTAS
Parada de Táxis 981 400 869
Sta. Marta de Ortigueira
Antonio Pena 680 512 037
Carlos Piñón 655 681 198
Javier Iglesias 639 657 227
Javier Otero 651 850 819
José López 699 154 107
Mª Jesús Soto 626 642 516
Pedro Cheda 608 585 825

Rosario Martínez 608 580 449

Vicente Blanco 638 102 938
Parada Mera de Abaixo
Adolfo Casas 610 871 387
Parada Mera de Arriba
David López 606 543 176
OUTROS CONTACTOS DE INTERESE
Garda Civil 981 400 021
Extensión Agraria 981 400 106
Residencia Dolores Díaz Dávila
981 400 109
Confraría Pescadores 981 408 144
ASPROMOR 981 422 288
Tanatorio 981 422 425
Seguridade Social 981 400 181
FEVE 981 422 201